



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** O emprego público no décimo aniversario do EBEP

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico O emprego público no décimo aniversario do EBEP

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	12
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN ES CI XU	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2017
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 08/11/2017 - 08:00h ao 20/11/2017 - 23:00h

**RESPONSABLE:** OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

En abril deste ano cumpríronse 10 anos da aprobación do Estatuto Básico do Empregado Público. O devandito texto legal non só constituíu o último fito da evolución da Función Pública no noso país senón que estableceu unha serie de innovacións no réxime xurídico do persoal ao servizo das administracións públicas (como a avaliación do desempeño, a carreira horizontal, etc.) que apenas si se implantaron pola falta de desenvolvemento legislativo estatal, autonómico e local do Estatuto básico. Pasado este tempo, resulta conveniente facer balance para analizar os aspectos que si se aplicaron e aqueles outros que están aínda pendentes, identificando as causas deste incumprimento e propoñendo as posibles solucións. Pero tamén é imprescindible abordar outros retos do emprego público en España, como son a xestión pública dos recursos humanos ou a laboralidade e a temporalidade do emprego público.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

### PROGRAMA

Neste curso monográfico serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Os retos da xestión do persoal empregado público.
- EBEP e persoal sanitario: unha materia pendente.
- Control, valoración e retribución do traballo do persoal empregado público.
- A función pública en Galicia e o desenvolvemento do EBEP.
- A laboralidade e a temporalidade no emprego público.
- Comunicación e oratoria para un mellor e máis eficaz servizo público.
- Evolución recente do réxime do emprego público e cuestións pendentes de desenvolvemento do EBEP.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Terá preferencia na selección o persoal empregado das administracións públicas de Galicia. O número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación das solicitudes.

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Excepto as persoas que pertencen á Administración autonómica ou á Administración de xustiza, todos/as os/as solicitantes deberán enviar un correo a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal), achegando, no seu caso, a certificación acreditativa da súa condición de persoal empregado público e do grupo e/ou categoría á que pertencen. Esta certificación será expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración na que preste os seus servizos. Serán excluídas aquelas solicitudes de persoal empregado público que non acompañen dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 15 de novembro de 2017.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 23/11/2017 a 24/11/2017

**NUM. PRAZAS:** 286

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

MANUEL ARENILLA SÁEZ

JUAN FRANCISCO PÉREZ GÁLVEZ

EVA DESDENTADO DAROLA

LUIS MIGUEL ARROYO YANES

SUSANA RODRIGUEZ ESCANCIANO

JESUS ANGEL FUENTETAJA PASTOR

LUIS FERNANDO DE CASTRO MEJUTO

MANUEL PIMENTEL SILES

MIGUEL SANCHEZ MORON

SILVIA DEL SAZ CORDERO

JULIO GONZÁLEZ GARCÍA

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 23 de novembro de 09:30 a 14:30. O día 23 de novembro de 16:30 a 17:30. O día 24 de novembro de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA